

CIRCULAR Nº 1

RECOLLIDA DE APOIOS AS PRECANDIDATURAS A PRESIDENCIA DO PPdeG
INSCRIPCIÓN DE PARTICIPANTES.
INSCRIPCIÓN DE CANDIDATOS A COMPROMISARIO.
PRESENTACIÓN DE PRECANDIDATURAS A PRESIDENTE

A: Presidentes provinciais e locais do PPdeG

CC: Xerentes provinciais

Na reunión da Xunta Directiva de Galicia celebrada o 18 de abril convocouse o XVIII Congreso do PPdeG, que terá lugar os días 21 e 22 de maio de 2022, en Pontevedra.

Ao amparo do disposto nos Estatutos Nacionais, o Regulamento Marco de Congresos e o Regulamento do XVIII Congreso do PPdeG, a Comisión Organizadora do Congreso na reunión de 19 de abril de 2022 adoptou as seguintes decisións:

1. Para avalar unha precandidatura é necesario cubrir o **formulario de apoio aos precandidatos** á Presidencia do PPdeG con todos os datos que se solicitan (nome e apelidos, DNI, provincia, sinatura, ...). Este documento está a publicado na páxina web do PPdeG

Os requisitos para avalar son estar afiliado ao Partido Popular e estar ao corrente do pago das cotas. Para avalar non é preciso estar inscrito como participante.

Tan só se poderá avala a un precandidato. No caso de que, coa súa sinatura un afiliado avalase máis dunha candidatura, o aval será automaticamente invalidado en ambas.


2. Para a participación no proceso congresual e poder votar ao candidato/a a presidencia do PPdeG e aos candidatos a compromisarios é imprescindible a **previa inscrición como elector**. A inscrición pode facerse de dúas maneiras:

- Preferiblemente, cumprimentando o **formulario web** que se atopa na páxina web do PPdeG (www.ppdegalicia.com)

- Ou, se non fose posible o anterior, cubrindo o **formulario de inscrición de elector** que se atopa na páxina web do PPdeG (www.ppdegalicia.com), e que debe ser enviado ao correo electrónico da sede provincial respectiva (ou presentado presencialmente).

Este prazo de inscrición remata ás 20 horas do martes 3 de maio. As persoas que forman parte da Xunta Directiva de Galicia son compromisarios natos e non necesitan inscribirse neste proceso congresual.

Así e todo, na medida en que moitos afiliados realizaron recentemente a súa inscrición para participar no XX Congreso Nacional e co obxectivo de simplificar o procedemento e de minimizar riscos para a saúde, a C.O.C. acorda declarar **automáticamente inscritos como electores aqueles afiliados cuxa solicitude fose aceptada para o recente Congreso Nacional.** As sedes provinciais comunicarán dita inscrición automática a aqueles afiliados que facilitaron o seu correo electrónico, que poderán renunciar a ela comunicándollo dun xeito fidedigno a súa organización provincial.



2. Con todas estas inscricións elaborárase unha única listaxe, distribuída por agrupacións locais, que constituirá o censo para a elección dos compromisarios e dos candidatos a Presidencia do PPdeG.

Se algún dos afiliados inscritos non está ao **corrente no pago das cotas** deberá regularizar a súa situación a través do correspondente ingreso nunha entidade bancaria. Débese estar ao corrente do pago das cotas mínimas fixadas polo Comité Executivo Nacional desde o último Congreso do PPdeG, que tivo lugar hai un ano. No caso de que a afiliación tivera lugar con posterioridade a dito Congreso será necesario estar ao corrente de pago desde a data de afiliación. **O prazo de regularización de cotas remata as 24 horas do día 3 de maio, incluído.**

As **sedes provinciais están a disposición das persoas afiliadas** que desexen coñecer se están ao corrente do pago das súas cotas; así como, no seu caso, do procedemento a seguir.

3. **Aqueles afiliados inscritos como electores (tanto os que estean automáticamente inscritos como aqueles que o fixeran no prazo que remata o 3 de maio)** que queiran exercer o dereito a presentar a súa

candidatura a compromisario poden facelo cubrindo o **formulario de inscrición de candidato a compromisario** que tamén está publicado na páxina web do PPdeG (www.ppdegalicia.com).

Unha vez cuberto deberá ser entregado na sede local ou remitido ao correo electrónico da sede provincial respectiva antes das **20 horas do xoves 5 de maio**.

4. As persoas afiliadas (cunha antigüidade no partido de, polo menos, doce meses) que aspiren a **presidir o PPdeG** poden presentar a súa **precandidatura** ante o C.O.C. ata as 20 horas do **28 de abril**, adxuntando, cando menos, **90 sinaturas** de afiliados que tamén deberán estar ao corrente no pago das súas cotas. A folla de recollida de apoios tamén está publicada na páxina web do PPdeG (www.ppdegalicia.com).



Elena Candia López

Presidenta da Comisión Organizadora do XVIII Congreso do PPdeG